



## Concello de Monterrei

### EDICTO

A Xunta de Goberno Local, o día 29 de novembro de 2017, aprobou as seguintes bases que rexerán o concurso de beléns:

#### Bases do III concurso de beléns

Poderán participar as asociacións, agrupacións, colexios, entidades cidadáns e particulares en xeral pertencentes ao Concello de Monterrei que formalicen a súa inscrición dentro do prazo establecido.

#### Características:

Os beléns poderán ser de calquera tamaño. Deberán recrear ambientes rurais, utilizando para a súa elaboración materiais tradicionais tales como serraduras, cortiza, ríos con auga en movemento etc.

Valorarase positivamente en todos os casos a orixinalidade, o traballo artesanal, o enxeño, a riqueza artística, o esforzo, os materiais utilizados, o uso de elementos reciclados e a laboriosidade na execución das obras.

Valorarase negativamente os detalles de mal gusto e todo o que atente contra o carácter propio que debe presidir os nacementos.

Os Beléns participantes deberán incluír como mínimo as tres escenas fundamentais: animación dos pastores, nacemento e adoración dos Reis.

As persoas interesadas en participar no concurso deberán formalizar as súas inscricións ata o día 18 de decembro, sendo a recollida de inscricións así como a súa entrega nas oficinas do Concello de Monterrei, de luns a venres en horario de 9:00 h a 14:00 h. no teléfono 988 41 80 02 ou no e-mail [concello@monterrei.es](mailto:concello@monterrei.es). Facilitando todos os datos de contacto: nome da entidade e representante, teléfono, enderezo e correo electrónico.

Haberá un xurado que estará integrado por un representante eclesiástico e representantes do Concello.

Cada xurado puntuará o Belén participante de 0 a 10 puntos. A suma de todos os puntos recibidos dará lugar aos finalistas deste concurso, que serán visitados e valorados para designar ao Belén premiado desta edición. En caso de empate, volverase puntuar entre os empatados, pero nesta ocasión do 1 ao 3, así sucesivamente ata que haxa dous claros gañadores.

O xurado efectuará as visitas os días 28 e 29 de decembro, previamente de acordo cos interesados. O xurado resérvase a facultade de interpretar as presentes bases ou resolver calquera imprevisto.

A ser posible, deberán estar presentes os autores dos Beléns durante a visita do xurado.

Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

## Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ (1 para 1)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 30/11/2017  
HASH: c128641d36be77dcb4e70a13aa03ddd2



Cod. Validación: 3EHAAS3CFW8JAB4424MCA2HY | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Monterrei

---

1º premio: 100 €

2º premio: 50 €

Todos os inscritos no concurso recibirán un recoñecemento pola súa participación.

O resultado do concurso farase público o día 5 de xaneiro, durante a recepción dos Reis Magos, sendo a entrega de premios no mesmo día.

O xurado resérvase o dereito de deixar desertos aqueles premios que considere oportunos por non reunir as condicións mínimas de calidade na súa confección e a súa decisión será inapelable.

A participación nesta convocatoria comporta a aceptación destas bases.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez

---

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Cod. Validación: 3EHAA35CPWSJA6A4224MCA2HY | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2